



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 15 DE MAIO DE 2008,
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se aproban os estatutos do Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de contrución do enlace de Curro na estrada PO-531

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se regula a sinalización, información e publicidade das oficinas de farmacia

CONSELLERÍA DE TRABALLO

- Decreto polo que se crean e regulan os órganos consultivos denominados Pactos Territoriais de Emprego

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia e a Uniwersytet Warszawski para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, literatura e cultura galegas

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA



- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), a Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG) e a Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación da Coruña para a realización de actividades de promoción económica e comercial de Galicia en México
- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) a conceder unha subvención superior a 3 millóns de euros ao proxecto de investimento que realizará CEDISOLAR (sociedade que se vai constituír) ao abeiro da Resolución do 9 de marzo de 2007 pola que se publican as bases reguladoras dos incentivos económicos do Igape e se procede á convocatoria de determinadas liñas de axuda (incentivos a proxectos de investimento empresarial)

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Acordo polo que se declara o plan denominado *VIGO ÍNTEGRA Plan viario integral área de Vigo* como plan sectorial de incidencia supramunicipal para os efectos previstos na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia
- Acordo polo que se aproba a modificación puntual do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do Centro Loxístico de Transportes de Culleredo (A Coruña)
- Acordo polo que se autoriza o texto do proxecto de convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia e o Consorcio Zona Franca de Vigo para a execución do acceso desde o parque empresarial- terciaria do porto de Molle de Nigrán á autoestrada do Val Miñor

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e o concello de Vilar de Santos, para a recuperación da Aldea de Saa

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se aproba a actualización do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (PLADIGA)
- Acordo polo que se declara expresamente a prevalencia da utilidade pública do Proxecto de ampliación do polígono industrial de Vilapouca, promovida polo Concello de Forcarei (Pontevedra), sobre a do monte veciñal en man común Vilapouca, pertencente á comunidade do mesmo nome



CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura e Deporte, e a Federación Galega de Automovilismo, co fin de coadxuvar aos gastos ordinarios da federación e para a fixación, de común acordo, dun programa de actividades de promoción e desenvolvemento da súa modalidade.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura e Deporte, e a Federación Galega de Atletismo, co fin de coadxuvar aos gastos ordinarios da federación e para a fixación, de común acordo, dun programa de actividades de promoción e desenvolvemento da súa modalidade.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura e Deporte, e a Federación Galega de Béisbol, co fin de coadxuvar aos gastos ordinarios da federación e para a fixación, de común acordo, dun programa de actividades de promoción e desenvolvemento da súa modalidade
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura e Deporte, e a Federación Galega de Caza, co fin de coadxuvar aos gastos ordinarios da federación e para a fixación, de común acordo, dun programa de actividades de promoción e desenvolvemento da súa modalidade
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura e Deporte, e a Federación Galega de Columbicultura, co fin de coadxuvar aos gastos ordinarios da federación e para a fixación, de común acordo, dun programa de actividades de promoción e desenvolvemento da súa modalidade
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura e Deporte, e a Federación Galega de Minusválidos Físicos, co fin de coadxuvar aos gastos ordinarios da federación e para a fixación, de común acordo, dun programa de actividades de promoción e desenvolvemento da súa modalidade
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura e Deporte, e a Federación Galega de Minusválidos Psíquicos, co fin de coadxuvar aos gastos ordinarios da federación e para a fixación, de común acordo, dun programa de actividades de promoción e desenvolvemento da súa modalidade



- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura e Deporte, e a Federación Galega de Patinaxe, co fin de coadxuvar aos gastos ordinarios da federación e para a fixación, de común acordo, dun programa de actividades de promoción e desenvolvemento da súa modalidade
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura e Deporte, e a Federación Galega de Pelota, co fin de coadxuvar aos gastos ordinarios da federación e para a fixación, de común acordo, dun programa de actividades de promoción e desenvolvemento da súa modalidade
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura e Deporte, e a Federación Galega de Péntatlon e Tríatlon, co fin de coadxuvar aos gastos ordinarios da federación e para a fixación, de común acordo, dun programa de actividades de promoción e desenvolvemento da súa modalidade
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura e Deporte, e a Federación Galega de Petanca, co fin de coadxuvar aos gastos ordinarios da federación e para a fixación, de común acordo, dun programa de actividades de promoción e desenvolvemento da súa modalidade
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura e Deporte, e a Federación Galega de Salvamento e socorrismo, co fin de coadxuvar aos gastos ordinarios da federación e para a fixación, de común acordo, dun programa de actividades de promoción e desenvolvemento da súa modalidade
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura e Deporte, e a Federación Galega de Squash, co fin de coadxuvar aos gastos ordinarios da federación e para a fixación, de común acordo, dun programa de actividades de promoción e desenvolvemento da súa modalidade
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura e Deporte, e a Federación Galega de Surf, co fin de coadxuvar aos gastos ordinarios da federación e para a fixación, de común acordo, dun programa de actividades de promoción e desenvolvemento da súa modalidade
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura e Deporte, e a Federación Galega de Taekwondo, co fin de coadxuvar aos gastos ordinarios da federación e para a fixación,



de común acordo, dun programa de actividades de promoción e desenvolvemento da súa modalidade

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura e Deporte, e a Federación Galega de Tenis, co fin de coadxuvar aos gastos ordinarios da federación e para a fixación, de común acordo, dun programa de actividades de promoción e desenvolvemento da súa modalidade
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura e Deporte, e a Federación Galega de Deportes para Xordos, co fin de coadxuvar aos gastos ordinarios da federación e para a fixación, de común acordo, dun programa de actividades de promoción e desenvolvemento da súa modalidade
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura e Deporte, e a Federación Galega de Esgrima, co fin de coadxuvar aos gastos ordinarios da federación e para a fixación, de común acordo, dun programa de actividades de promoción e desenvolvemento da súa modalidade
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura e Deporte, e a Federación Galega de Halterofilia, co fin de coadxuvar aos gastos ordinarios da federación e para a fixación, de común acordo, dun programa de actividades de promoción e desenvolvemento da súa modalidade
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura e Deporte, e a Federación Galega de Hípica, co fin de coadxuvar aos gastos ordinarios da federación e para a fixación, de común acordo, dun programa de actividades de promoción e desenvolvemento da súa modalidade
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura e Deporte, e a Federación Galega de Karate, co fin de coadxuvar aos gastos ordinarios da federación e para a fixación, de común acordo, dun programa de actividades de promoción e desenvolvemento da súa modalidade
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura e Deporte, e a Federación Galega de Kung-Fu, co fin de coadxuvar aos gastos ordinarios da federación e para a fixación, de común acordo, dun programa de actividades de promoción e desenvolvemento da súa modalidade



- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura e Deporte, e a Federación Galega de Loita, co fin de coadxuvar aos gastos ordinarios da federación e para a fixación, de común acordo, dun programa de actividades de promoción e desenvolvemento da súa modalidade
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura e Deporte, e a Federación Galega de Montañismo, co fin de coadxuvar aos gastos ordinarios da federación e para a fixación, de común acordo, dun programa de actividades de promoción e desenvolvemento da súa modalidade
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura e Deporte, e a Federación Galega de Motonáutica, co fin de coadxuvar aos gastos ordinarios da federación e para a fixación, de común acordo, dun programa de actividades de promoción e desenvolvemento da súa modalidade
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura e Deporte, e a Federación Galega de Tiro con arco, co fin de coadxuvar aos gastos ordinarios da federación e para a fixación, de común acordo, dun programa de actividades de promoción e desenvolvemento da súa modalidade
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura e Deporte, e a Federación Galega de Vela, co fin de coadxuvar aos gastos ordinarios da federación e para a fixación, de común acordo, dun programa de actividades de promoción e desenvolvemento da súa modalidade
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura e Deporte, e a Federación Galega de Ximnasio, co fin de coadxuvar aos gastos ordinarios da federación e para a fixación, de común acordo, dun programa de actividades de promoción e desenvolvemento da súa modalidade
- Acordo polo que se validan os gastos derivados do expediente de difusión internacional da cultura galega.

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e a Coordinadora para o Estudo dos Mamíferos Mariños (CEMMA), en materia de divulgación sobre o mar para o desenvolvemento do proxecto *Divulgando a pé de mar*



CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Xermade, para a execución da obra Actuacións de saneamento na comunidade autónoma. Saneamento e depuración na capitalidade de Xermade. Xermade (Lugo), por importe de 300.300,00 euros
- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible co Concello de Triacastela, para adecuación, selado e clausura do vertedoiro de residuos sólidos urbanos
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e a Universidade de Santiago de Compostela, para a construción, posta en marcha e desenvolvemento das capacidades da estación científica do Courel, por importe de 300.000 euros

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Ribadeo, para actuacións de mellora nas rúas e beirarrúas Trinidad, Fonte Cavada e Amando Pérez
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Castrelo de Miño, para o acondicionamento do núcleo de Santa María
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Porqueira, para o acondicionamento da Praza da Aira do Pozo
- Acordo polo que se autoriza o compromiso de gasto plurianual derivado de financiamento previsto na orde de subvencións aos concellos en materia de erradicación do chabolismo, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, para o ano 2008, de conformidade co establecido no artigo 58 do Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aprobou o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia

INFORMES

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



- Informe sobre o programa de gratuidade de libros de texto para o curso 2008-2009 e a súa evolución.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA OS ESTATUTOS DO COLEXIO PROFESIONAL DE ENXEÑARÍA EN INFORMÁTICA DE GALICIA

- ***Velará pola satisfacción dos intereses xerais relacionados co exercicio da profesión mediante a salvagarda e observancia dos seus principios deontolóxicos e éticos***

O Consello da Xunta aprobou hoxe os estatutos do Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia. Este agrupará obrigatoriamente a todas as persoas españolas e estranxeiras que, por estar en posesión do título oficial de enxeñaría en informática ou licenciatura en informática expedido polo Estado -ou dos títulos comunitarios ou estranxeiros homologables a estes- desenvolvan actividades propias da profesión ou exerzan función ou cargo en razón destes títulos con domicilio profesional na comunidade autónoma.

O texto establece, así mesmo, que se exceptúa da colexiación obrigatoria a profesionais vinculados coa Administración pública mediante relación de servizos de carácter administrativo ou laboral cando o destinatario da súa actuación -ben sexa para o exercicio de funcións puramente administrativas, ben para a realización de actividades propias da profesión por conta da Administración á que pertenza- sexa esa Administración.

Ademais, os estatutos recollen a existencia de membros xubilados, que poderán seguir pertencendo ao colexio de pleno dereito –sen que teñan que satisfacer as cotas colexiais-; de colexiados de honra, que serán aquelas persoas, pertencentes ou non á profesión, que lle rendan servizos destacados; e de pre-colexiados, persoas que estean cursando os estudos de enxeñaría en informática e teñan acadado un mínimo do 80% dos créditos. Estes últimos terán todos os dereitos dos colexiados excepto a posibilidade de participación en órganos de goberno; voto nas asembleas e todos aqueles que, para a súa utilización, requiran da posesión do título.

Fins do colexio

Os fins esenciais do colexio son a ordenación do exercicio da profesión en todas as súas formas e especialidades; a representación exclusiva desta profesión e a defensa polos intereses profesionais dos titulados; velar pola satisfacción dos intereses xerais relacionados co exercicio da profesión mediante a salvagarda e observancia dos seus principios deontolóxicos e éticos; lograr a constante mellora do nivel de calidade das prestacións profesionais dos colexiados; cooperar na mellora dos estudos que conducen á obtención dos títulos correspondentes; e colaborar coas administracións públicas na consecución dos dereitos individuais e colectivos da profesión.

Para o cumprimento destes fins, o colexio facilitaralles aos seus membros o exercicio da profesión; asesorará as administracións públicas, corporacións oficiais e particulares nos asuntos que a afecten; emitirá os informes que se lle requiran sobre as disposicións de calquera rango que teñan incidencia na actividade desta enxeñaría; exercerá a representación para o cumprimento dos seus fins; participará nos organismos consultivos



das distintas administracións públicas en materia da súa competencia profesional; cooperará coa Xustiza e demais organismos oficiais na designación de Colexiados que puidesen ser requiridos para realizar informes, ditames, taxacións, peritaxes ou outras actividades profesionais; ordenará a actividade profesional dos seus membros; establecerá baremos de honorarios; impedir os casos de intrusismo; e organizará actividades e servizos de interese para os Colexiados, entre outros.

Colexiación

O texto establece que para ser Colexiado se debe estar en posesión do título universitario oficial de enxeñaría en informática ou licenciatura en informática -ou ben do título estranxeiro equivalente sempre que, en virtude de convenio de reciprocidade, o Goberno lles outorgue aos devanditos titulados a autorización expresa para poder exercer a profesión-; non atoparse inhabilitado profesionalmente nin Colexialmente como consecuencia de resolución xudicial ou resolución disciplinaria firme; aboar a cota de entrada vixente; e, se procede doutro Colexio territorial, achegar unha comunicación do Colexio de orixe que acredite as condicións anteriores.

Órganos Colexiais

Os órganos de representación, desenvolvemento normativo, control, goberno e administración do Colexio son a asemblea xeral, a xunta de goberno e o presidente. Así, o decreto aprobado establece que a asemblea xeral é o órgano supremo da expresión da vontade do Colexio e que está formada por todos os Colexiados con igualdade de voto, así como que adoptará os seus acordos polo principio maioritario e en concordancia cos presentes estatutos.



O CONSELLO DA XUNTA DECLARA A UTILIDADE PÚBLICA E A URXENTE OCUPACIÓN DE BENS PARA A CONSTRUCCIÓN DUNHA GLORIETA NA ESTRADA PO-531 PONTEVEDRA-VILAGARCÍA Á ALTURA DE CURRO

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polas obras de construción dunha glorieta a distinto nivel que substituirá o actual cruzamento da estrada PO-531 Pontevedra-Vilagarcía coa antiga estrada C-531 que atravesa o núcleo de poboación de Curro (no Concello de Barro).

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes investirá un total de 3,7 millóns de euros na reestruturación desta intersección, dos cales case un millón corresponden ao pagamento das expropiacións dos 112 predios afectados.

A obra acométese nunha zona de elevada concentración de tráfico debido ao elevado número de estradas que conflúen e ao asentamento de importantes superficies empresariais que se desenvolven nese punto. Dadas estas características, é preciso acometer unha reordenación viaria que garanta a seguridade e a fluidez do tráfico mediante un novo enlace dotado da capacidade axeitada ás necesidades dos usuarios.

A actuación consiste na construción dunha glorieta superior sobre a actual estrada PO-531, que servirá para distribuír os tráficos de entrada e saída das zonas industriais que se están desenvolvendo na zona.



O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE REGULA POR PRIMEIRA VEZ A SINALIZACIÓN, INFORMACIÓN E PUBLICIDADE DAS OFICINAS DE FARMACIA

- ***O Decreto aprobado hoxe establece aspectos novos como a obrigatoriedade da sigla de control de Sanidade e a cruz verde na fachada da oficina, de uso exclusivo para estes establecementos***
- ***O obxectivo da norma é que os e as usuarias perciban estes establecementos como tal, garantindo a súa liberdade de elección; tamén homoxeneizar a información que transmitan á cidadanía, así como regular as características e requisitos da actividade e publicidade que realicen***

O Consello da Xunta aprobou esta mañá o decreto que regula a sinalización, información e publicidade que realicen as oficinas de farmacia da Comunidade Autónoma de Galicia por vez primeira. Esta norma entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, e contará cun período de doce meses como período de adaptación das oficinas de farmacia ao establecido na mesma.

Ata o de agora, a normativa sobre estes aspectos non era específica e establecíase no marco da Lei galega 5/1999, de ordenación farmacéutica, e no Decreto 97/1998 que regula a publicidade sanitaria en Galicia.

O obxectivo é favorecer a accesibilidade da cidadanía ao servizo farmacéutico de xeito que os usuarios as perciban como tal, e garantindo a súa liberdade de elección; tamén se pretende que as oficinas de farmacia garantan condicións de igualdade na sinalización destes establecementos, na información que transmitan aos usuarios, e nas características e requisitos dentro dos que debe enmarcarse a publicidade que realicen.

A diversidade existente no relativo á sinalización, identificación e información nas oficinas de farmacia en Galicia, así como a ausencia dunha normativa específica sobre a súa publicidade fai necesaria esta regulación.

O decreto estrutúrase en seis artigos nos que se desenvolven as seguintes cuestións: identificación e sinalización das oficinas de farmacia; información nas oficinas de farmacia; publicidade das oficinas de farmacia; información e publicidade relativa ás campañas sanitarias; e as infraccións e sancións.

En canto á identificación e sinalización das oficinas de farmacia establécese que na fachada existirá un rótulo no que figurará, de forma facilmente visible, a palabra *Farmacia* ou *Botica Anexa*, as dúas fórmulas permitidas pola Administración sanitaria; o nome e apelidos do farmacéutico, titular, ou rexente, segundo o caso; e a sigla de control de Sanidade do establecemento -o código de autorización que concede a consellería a cada oficina de farmacia e que as diferencian doutros establecementos como as parafarmacias-. Tamén poderán figurar as palabras doutra especialización (como *Óptica* ou *Ortopedia*, por



exemplo), sempre que o establecemento conte coa correspondente autorización de funcionamento para estas actividades sanitarias.

Tamén na fachada, as oficinas de farmacia deberán contar cunha cruz verde, cun tamaño máximo de 90cm x 90cm, con dispositivo que permita a súa iluminación na que deberá figurar a palabra *Farmacia* ou *Botica Anexa*, segundo caso. A cruz verde deberá estar iluminada no horario de funcionamento do establecemento, e apagada fóra do dito horario. Poderán instalarse tantas cruces como número de fachadas teña o establecemento, cando esta dea a diferentes rúas.

As palabras *Farmacia* e *Botica Anexa*, así como a cruz verde de identificación, serán de utilización exclusiva para as oficinas de farmacia. Non se poderán usar estes termos e símbolo para outro tipo de establecementos.

En canto á información nas oficinas de farmacia, o decreto establece que unicamente poderá figurar información relativa a produtos ou actividades dirixidas á prevención da enfermidade, promoción da saúde e uso racional do medicamento, así como a de medicamentos, produtos sanitarios que teñan expresamente autorizada a súa publicidade.

A información relativa aos horarios de atención ao público e de servizo de urxencias das oficinas de farmacia deberá cumprir o establecido na súa normativa reguladora. Aquelas oficinas que teñan autorizado o servizo de urxencias de forma localizada, deberán indicar de forma visible e clara, o modo de acceder ao dito servizo na fachada ou exterior da propia oficina de farmacia, nas farmacias da zona farmacéutica, así como nos centros de atención primaria e hospitalaria máis próximos.

A publicidade das oficinas de farmacia poderá realizarse unicamente a través dos envoltorios, bolsas de plástico ou papel utilizados para os produtos dispensados con datos xerais da oficina de farmacia como nome e apelidos do titular e/ou titulares, enderezo, nº de teléfono, nº de fax, enderezo de correo electrónico, horarios de atención ao público e outras actividades sanitarias autorizadas. Poderá realizarse información dirixida ao público nas listaxes telefónicas incluíndo, como máximo, os datos xerais enumerados no parágrafo anterior.

Prohíbese de forma expresa a realización de promocións que poidan contribuír a favorecer o consumo de medicamentos ou produtos sanitarios. A través dos medios de comunicación social poderá informarse unicamente da relación de oficinas de farmacia que se atopan en servizo de garda.

As oficinas de farmacia poderán colaborar na realización e difusión de campañas sanitarias organizadas pola Administración sanitaria relativas ao uso racional do medicamento, protección e promoción da saúde, así como en programas de saúde pública e drogodependencias. A través dos envoltorios, bolsas de plástico ou papel utilizados para os produtos dispensados poderanse reflectir mensaxes relacionadas co



uso racional do medicamento ou con campañas sanitarias propostas polos colexios oficiais de farmacéuticos.



O GOBERNO GALEGO APROBA O DECRETO POLO QUE SE REGULAN OS PACTOS TERRITORIAIS DE EMPREGO

- ***Un pacto territorial de emprego é unha fórmula de participación da Administración local e dos axentes económicos e sociais nas políticas de emprego da Consellería de Traballo***
- ***Con estes instrumentos preténdese evitar duplicidades, facilitar a planificación das políticas de emprego adaptándoas ás necesidades reais do territorio e mellorar a eficacia do sistema público de emprego***
- ***Os pactos territoriais realizarán análises socioeconómicas das zonas e proporán colectivos prioritarios e actuacións de políticas activas en xera***
- ***Aos catro pactos experimentais xa constituídos, sumaranse os correspondentes nas áreas de Ferrol, Barbanza, A Mariña, Lemos, Ourense, Limia-Verín e Deza-Tabeirós, acadándose ao final do proceso un total de quince***
- ***Os Pactos Territoriais de Emprego están integrados na mesma porcentaxe pola Administración galega, os concellos, os empresarios e os sindicatos***

A Xunta de Galicia aprobou hoxe o decreto polo que se regulan os Pactos Territoriais de Emprego, fórmula impulsada pola Consellería de Traballo para incrementar a planificación e xestión coordinada dos recursos públicos que se destinan a políticas de emprego en cada territorio de Galicia. Trátase dun elemento de participación da Administración local e dos axentes económicos e sociais nas actuacións de dinamización laboral da Consellería de Traballo. Este instrumento deriva do *Novo marco de relacións laborais en Galicia, Acordo polo emprego*, asinado o pasado ano pola Administración, a CEG e os sindicatos UGT-Galicia e CCOO de Galicia, en virtude do proceso de diálogo social.

A función primordial dos Pactos Territoriais de Emprego é achegar o nivel de intervención ao ámbito local, pois representa o marco no que se activan as políticas de emprego e a creación de marcos de coordinación. Este proceso de participación segue a liña establecida pola normativa comunitaria de descentralización das políticas activas de ocupación, e de participación das institucións locais e dos axentes socioeconómicos, en aplicación do principio de participación descendente definido na Estratexia Europea de Ocupación.

O decreto aprobado configura os Pactos Territoriais de Emprego, xunto co Comité Autonómico de Emprego e os Comités Provinciais de Emprego e Seguimento da Contratación Laboral, como un terceiro órgano colexiado de carácter administrativo adscrito ao departamento da Xunta con competencias en materia laboral.



Cobertura de todo o territorio galego

Haberá 15 Pactos Territoriais de Emprego en toda Galicia, establecidos en función dos desprazamentos que realizan os traballadores entre un concello e outro para acudir ata o seu centro de traballo. Así pois, 5 Pactos Territoriais de Emprego pertencen á provincia da Coruña (Barbanza, A Coruña, Costa da Morte, Ferrol e Santiago), 3 á provincia lucense (Lemos, Lugo e A Mariña), 3 á provincia de Ourense (Limia Ourense e Valdeorras) e, por último, na provincia de Pontevedra desenvolveranse 4 (Deza-Tabeirós, Pontevedra, O Salnés e Vigo).

Ata o de agora foron postos en marcha, a modo de experiencias piloto, os Pactos Territoriais de Emprego da Costa da Morte, de Lugo, do Salnés e da comarca do Valdeorras. A comezos do verán estarán constituídos outros 7 pactos: Barbanza, Ferrol, A Mariña, Lemos, Ourense, Limia-Verín e Deza-Tabeirós.

Funcionamento e dirección

O decreto establece que a Consellería de Traballo contará cun 25% da representatividade de cada pacto. Estarán representados na mesma porcentaxe os concellos da área correspondente, así como os empresarios e os sindicatos. O 25% asignado á representatividade das institucións locais repartirase en función da poboación afiliada e do paro rexistrado de cada municipio. Cada pacto contará cunha entidade xurídica propia, que lle permitirá manter relacións coas diferentes administracións.

A actuación de cada Pacto Territorial correrá a cargo dunha asemblea xeral, formada por un presidente, tres vicepresidencias, vogais e un secretario. O presidente será elixido entre os representantes dos concellos integrados no pacto. Unha das vicepresidencias corresponderá ao departamento da Xunta con competencias en materia de emprego, outra á parte sindical e outra á parte empresarial.

Na busca da adaptación das políticas de emprego ás necesidades reais do territorio e da mellora da eficacia do sistema público de emprego, a Asemblea Xeral de cada pacto deberá analizar as fortalezas, debilidades, oportunidades e ameazas no ámbito do emprego do territorio correspondente; elaborar un plan de emprego para a área; analizar e avaliar a evolución dos diferentes indicadores laborais na zona; e deseñar un plan de traballo.

Para a dirección do proxecto, cada pacto territorial contará cun Comité de Dirección, formado polo presidente da Asemblea Xeral, cinco vogais representantes dos concellos, un representante de cada unha das organizacións sindicais máis representativas no ámbito de Galicia, o mesmo número de representantes das organizacións empresariais intersectoriais máis representativas e representantes da consellería competente en materia de traballo. O Comité de Dirección encargárase de executar os acordos da Asemblea Xeral, da xestión diaria do pacto territorial e do establecemento dos plans de traballo necesarios para a súa consecución.

15 mesas de diálogo social



A posta en marcha dos Pactos Territoriais de Emprego implicará manter activas 15 mesas de diálogo social en materia de emprego. A medio prazo, cada un dos pactos contará co seu propio plan de emprego. A xeralización desta fórmula, iniciada na Costa da Morte, en Lugo, na comarca de Valdeorras e no Salnés é un dos instrumentos claves para o cambio do modelo de Servizo Público de Emprego. Para a posta en marcha dos Pactos Territoriais de Emprego a Consellería de Traballo destinará un orzamento aproximado de 2,5 millóns de euros.



POLÍTICA LINGÜÍSTICA E A UNIVERSIDADE DE WARSZAWSKI EN POLONIA RENOVAN A COLABORACIÓN PARA A DIFUSIÓN EXTERIOR DO GALEGO

- ***A Secretaría Xeral de Política Lingüística dálle continuidade ao convenio de colaboración que vén subscribindo coa universidade polaca para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas***
- ***A rede de difusión exterior do galego está formada por 36 lectores e 45 centros de estudos***

A Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Universidade de Warszawski (Polonia) van seguir mantendo a liña de colaboración, que desenvolven desde hai anos, para a difusión exterior do galego. O Consello da Xunta aprobou hoxe a renovación do convenio de colaboración entre a Administración galega e a entidade académica.

Os estudantes desta universidade poderán cursar, con carácter optativo ou de libre elección, as materias de lingua galega I (nivel inicial-medio), lingua galega II (nivel avanzado-superior), cultura e literatura galegas, que inclúe xeografía, historia, cine, antropoloxía e literatura, e literatura galega contemporánea.

Ademais de impartir estas materias, o programa de estudos prevé a realización doutras actividades relacionadas coa investigación, a difusión e a promoción da lingua, como a organización de seminarios, congresos ou exposicións, que se desenvolverán tanto na propia universidade como na súa área de influencia.

Política Lingüística dálle continuidade, deste xeito, á súa liña de subscribir convenios con universidades de prestixio interesadas en incluír o ensino da lingua, a literatura e a cultura galegas nos seus plans de estudo.

A secretaria xeral de Política Lingüística destina 80.000 euros para o desenvolvemento destas actividades. Nestes momentos, a rede de difusión exterior do galego está formada por 36 lectores e 45 centros de estudos.



O IGAPE APOIARÁ A ORGANIZACIÓN DA “SEMANA DE GALICIA EN MÉXICO” QUE TERÁ LUGAR EN OUTUBRO

- ***O Consello da Xunta acorda achegar máis de 600.000 ao financiamento dun encontro que incluírá un amplo abano de actividades de promoción económica e comercial da Comunidade Galega en México***

O Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) apoiará a realización de actuacións promocionais de Galicia a través da organización da “Semana de Galicia en México” que terá lugar na Cidade de México en outubro do 2008. Esta iniciativa desenvolverase mediante a sinatura dun convenio -autorizado hoxe polo Consello da Xunta- entre o Instituto dependente da Consellería de Economía e Facenda, a Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG) e a Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación da Coruña.

A Semana de Galicia en México contará cun amplo abano de actividades de promoción económica e comercial da Comunidade Galega en México, para as que o Igape achegará un máximo de 634.550 euros. Entre as accións que se desenvolverán, destacan os encontros entre empresarios mexicanos e galegos para alcanzar acordos comerciais, de cooperación ou investimento; xornadas técnicas nas que se lle presentarán a profesionais mexicanos as novas aplicacións de produtos galegos por sectores; misións comerciais sectoriais que inclúen a realización de entrevistas e visitas a empresas; exposicións de viños e alimentos e unha exposición de catálogos de empresas exportadoras galegas.

O Igape xa coordinou en 2006 a misión empresarial desenvolvida durante a Semana de Galicia en Arxentina, coincidindo coa viaxe do presidente da Xunta de Galicia. Así mesmo, tamén se ocupou de coordinar a misión de empresarios galegos que acompañou o presidente da Xunta na viaxe do ano pasado a Cuba e México. Ademais, a través dos seus centros de promoción de negocios no exterior, o Igape apoia a presenza en feiras internacionais e misións empresariais galegas en China, Alemaña, Polonia, Estados Unidos ou Xapón.

O Goberno galego aposta pola internacionalización das nosas empresas mediante servizos especializados de información, asistencia en destino, e financiamento ás empresas para a entrada en novos mercados e a promoción comercial. Entre as accións que desenvolve o Igape figura o apoio á formación de especialistas en comercio exterior, a elaboración de diagnoses e estudos de mercado, ou a promoción e captación de investimentos cara a Galicia. As novas liñas de apoio á internacionalización das empresas para o período 2008-2011 -cun orzamento de 6,5 millóns de euros- impulsan a creación de estruturas comerciais fóra de Galicia a través da cooperación entre varias empresas; o apoio a misións comerciais –directas e inversas-; bolsas de formación para persoal especializado en comercio exterior; e axudas vinculadas á mellora dos procesos produtivos e das estratexias de márketing.



A XUNTA DE GALICIA IMPULSA O PROXECTO DE CEDISOLAR EN OURENSE CUNHA ACHEGA DO IGAPE DE 6,18 MILLÓNS DE EUROS

- ***A nova factoría situada no Barco de Valdeorras dará emprego indefinido a 59 traballadores, terá unha capacidade de produción de 3,4 millóns de metros cadrados anuais e pode facturar ata 24 millóns de euros no seu primeiro ano***
- ***A planta terá un grande efecto dinamizador na comarca en que se sitúa xa que necesitará o apoio de empresas auxiliares***
- ***Cedisolar producirá vidros especiais para reducir o consumo enerxético, axudando así a a cumprir os obxectivos da Unión Europea e o Goberno español nese sentido***
- ***A comarca de Valdeorras desfruta de condicións especiais de financiamento por parte do Igape, o que permite que os proxectos de investimento teñan vantaxes adicionais na concesión de apoios***

O Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) apoiará con 6,18 millóns de euros o proxecto da compañía Cedisolar polo que se construírá no Barco de Valdeorras (Ourense) unha planta pioneira en España e Europa para a fabricación de vidro de altas prestacións enerxéticas. Así o aprobou hoxe o Consello da Xunta que autorizou ao instituto dependente da Consellería de Economía e Facenda a concesión da subvención que cubrirá o 22% do investimento subvencionable, sobre un investimento total de 32 millóns de euros. A comarca de Valdeorras desfruta de condicións especiais de financiamento por parte do Igape que permite que os proxectos de investimento teñan vantaxes adicionais na concesión de apoios. O impulso da Xunta de Galicia a este proxecto complétase coa participación de Xesgalicia –a xestora de fondos de capital risco participada pola Xunta– no capital da nova sociedade con un millón de euros.

Cedisolar, impulsada polo grupo Rioglass Solar Holding -no que participa Abengoa-, e por Cedic, empresa do grupo Unión Fenosa, impulsa a construción da nova planta para fabricación de vidro de altas prestacións destinado principalmente a aplicacións de aforro enerxético en arquitectura. A nova factoría situada no Barco de Valdeorras (Ourense), dará emprego indefinido a 59 traballadores, terá unha capacidade de produción de 3,4 millóns de metros cadrados anuais e prevese que acade unha facturación de case 24 millóns de euros no primeiro ano de funcionamento.

A planta de Cedisolar vai ter un importante efecto dinamizador na economía da zona, dado que para a súa construción e para o continuo funcionamento da súa actividade necesita empresas auxiliares e de servizos, permitindo a posta en marcha de novas iniciativas empresariais así como o desenvolvemento e consolidación doutras xa existentes.

A produción de vidros especiais para reducir o consumo enerxético axuda a cumprir os obxectivos da Unión Europea e do Goberno español para utilizar a enerxía dun modo máis eficiente. O mellor medio para conseguir unha maior eficiencia é o aforro enerxético, a climatización de edificios (calefacción e aire acondicionado) é un dos sectores con maior



crecemento do consumo nos últimos anos. Os vidros destinados a reducir o consumo enerxético na edificación contribúen ao cumprimento destes obxectivos e considérase un mercado cun alto potencial de crecemento nos próximos anos.

O vidro de alta eficiencia que fabricará a nova planta facilita o aforro enerxético tanto no verán, limitando a radiación de entrada, como no inverno, limitando as perdas de calor. Os produtos que fabricará esta nova planta serán vidro temperado para acristalamentos de seguridade; vidro de control solar para reducir o consumo enerxético destinado a climatizar salas con elevada insolación; vidro de baixo emisivo que limita as perdas de calor reducindo o consumo enerxético destinado a quentar as salas; e vidro de eficiencia, que permite o aforro enerxético tanto en verán como en inverno.



O CONSELLO DA XUNTA DECLARA “VIGO ÍNTEGRA” COMO PLAN SECTORIAL DE INCIDENCIA SUPRAMUNICIPAL, O QUE OBRIGA A RESERVAR O SOLO NECESARIO PARA AS FUTURAS INFRAESTRUTURAS

- *O documento garante a planificación eficiente do territorio, aforra recursos e anticipase ás necesidades dos cidadáns*
- *O Plan Viario Integral de Vigo intervén sobre 350 quilómetros de estradas, nunha zona na que viven 600.000 persoas e cun investimento de 2.000 millóns de euros*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a declaración do Plan Viario Integral Área de Vigo, “Vigo Íntegra”, como Plan Sectorial de Incidencia Supramunicipal. Dáse así o primeiro paso para a posta en marcha desta iniciativa, apenas quince días despois da súa presentación ante a sociedade viguesa.

A incidencia supramunicipal, derivada da Lei 10/1995, de ordenación do territorio de Galicia, ten por obxecto regular a implantación territorial das infraestruturas, dotacións e instalacións de interese público ou utilidade social cando a súa incidencia transcenda do termo municipal no que se encontren ou se asente sobre varios termos municipais, como é o caso. A declaración da incidencia supramunicipal implica que o contido do plan terá carácter vinculante para as administracións e para os particulares e prevalecerá sobre o planeamento urbanístico dos concellos integrados. É dicir, os concellos beneficiados polas novas infraestruturas deberán recoller no seu planeamento urbanístico as reservas de solo necesarias para o futuro desenvolvemento das actuacións previstas no plan.

Tras esta declaración da incidencia supramunicipal, a CPTOPT someterá a exposición pública por un período de dous meses tanto o plan viario como o seu informe de sustentabilidade ambiental (ISA) co obxectivo de incorporar as propostas que contribúan a melloralo. Antes de elevalo de novo ao Consello da Xunta para a súa aprobación definitiva, a CPTOPT deberá incorporar a memoria ambiental (emitida pola Consellería de Medio Ambiente) e o informe preceptivo da Dirección Xeral de Urbanismo. Finalmente, o Consello da Xunta aprobará de xeito definitivo o plan e, se procede, acordará a súa declaración de utilidade pública ou interese social para os efectos expropiadores. Ese acordo final será publicado no Diario Oficial de Galicia.

Planificación eficiente do territorio

“Vigo Íntegra” pretende dar resposta á necesidade de abordar as comunicacións na zona dun xeito integral e racional dende o punto de vista social, económico e ambiental. Vertébrase a principal área urbana de Galicia, mellorando a súa accesibilidade, a súa competitividade e a calidade de vida dos seus cidadáns, desterrando actuacións illadas ou localistas.

Este documento de planificación e articulación territorial prevé un investimento total de 2.000 millóns de euros destinados á mellora das infraestruturas de comunicación nunha área de influencia composta por 24 concellos onde Vigo actúa como epicentro e na que viven preto de 600.000 persoas.



O Plan prevé a posta en marcha dun total de 70 proxectos, que implicarán actuar sobre 350 quilómetros de vías, distribuídas en tres grupos:

-Conexións de Vigo co seu contorno: supoñen o maior investimento, con 1.200 millóns de euros. Entre as actuacións previstas destaca a construción de novas infraestruturas como a autovía A-57 Vigo-Pontevedra, a autovía do Morrazo, a autovía Vigo-O Porriño, o incremento de capacidade da AP-9 incluída a ampliación da Ponte de Rande, unha nova conexión Vigo-Val Miñor e a conexión da Autovía das Rías Baixas (A-52) coa Plataforma Loxística de Salvaterra-As Neves (PLISAN).

-Actuacións urbanas en Vigo: investiranse 390 millóns de euros na mellora das comunicacións no interior da cidade coa reordenación dos túneles existentes nas prazas de América e España e a construción de tres novos (Beiramar-Bouzas, Portanet-Castrelos-Antonio Palacios e Avda. de Castela), a mellora e construción de novos accesos á universidade, ao novo hospital e á ETEA, a humanización da avenida de Madrid e da AP-9 e a construción nos arredores de catro aparcadoiros disuasorios.

-Actuacións na área de influencia: prevé o investimento de 370 millóns. Na zona norte mellorarase as comunicacións coa futura autovía do Morrazo e a súa conexión coa variante de Marín, construíranse as circunvalacións de Cangas e Moaña e mellorarase a conexión de Vilaboa con Rande e a estrada que une Pazos de Borbén con Fornelos. No leste darase un tratamento máis urbano á A-55 ao seu paso por Mos e ampliarase a capacidade da autovía A-52 entre O Porriño e Pontearreas e prolongarase ata Portugal a conexión entre a A-52 e a PLISAN coa construción dunha nova ponte sobre o río Miño. No sur completaranse os enlaces da Autoestrada do Val Miñor, construíranse a Vía de Alta Capacidade Tui-A Guarda e variantes en Gondomar, Tomiño e Vincios, daráselle tratamento urbano á PO-325 Vigo-A Ramallosa e continuarase esa actuación coa creación de carrís bici A Ramallosa-Gondomar e Baiona-A Guarda.

A materialización de todos estes proxectos terá beneficios directos para os cidadáns xa que se desconxestionará o tráfico, se incrementará a seguridade viaria e se reducirán nun 35 por cento os tempos de desprazamentos actuais. Canto aos prazos, o horizonte do plan é o 2020, aínda que cada actuación conta coas súas propias estimacións temporais xa que se atopan en diferentes fases de estudo ou proxecto.



APROBADA UNHA MODIFICACIÓN DO PROXECTO SECTORIAL DO CENTRO LOXÍSTICO DE TRANSPORTES DE CULLEREDO

O Consello da Xunta aprobou hoxe unha modificación puntual do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do Centro Loxístico de Transportes (CLT) de Culleredo, que atinxe a determinadas parcelas, a zona de servizos, a circulación interior e a zona verde.

A modificación, que se realiza por proposta do concello de Culleredo, vén motivada polo cambio do trazado da liña de alta tensión que cruza a área do centro loxístico, pola canalización do río Orro, polas redes de gas e polas obras exteriores dende a estrada de Meirama ata o enlace coa autoestrada AP-9.

Coa aprobación desta modificación puntual autorízase o cambio de posición de tres parcelas de naves taller afectadas pola canalización do río Orro. Así mesmo, debido a esta canalización e ao cruzamento da rede aérea da liña eléctrica, modifícase a zona de servizos. Tamén se procederá á reordenación da circulación interior derivada da modificación da rede viaria e dunha zona verde.

A modificación autorizada hoxe foi sometida á informe da Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible da Consellería de Medio Ambiente, que decretou que non era necesario que a dita modificación se sometese ao procedemento de avaliación estratéxica ambiental.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA O CONVENIO POLO QUE POLÍTICA TERRITORIAL E A ZONA FRANCA FINANCIAN, A PARTES IGUAIS, O NOVO ENLACE DA AUTOESTRADA DO VAL MIÑOR CON PORTO DO MOLLE

- ***A construción deste enlace supón un investimento de 6,35 millóns de euros***
- ***Esta actuación súmase á reforma dos enlaces de Nigrán, A Ramallosa e Sabarís que impulsa a CPTOPT na Autoestrada do Val Miñor e que permitirá a interconexión da comarca cun investimento total de 24,7 millóns de euros***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Consorcio da Zona Franca de Vigo polo que se regula o financiamento do novo enlace que conectará a autoestrada do Val Miñor co Parque Empresarial Terciario de Porto do Molle. Segundo este convenio, os 6,35 millóns de euros que custará a construción do novo enlace serán achegados a partes iguais (3,17 millóns cada un) pola CPTOPT e a ZonaF.

O acordo prevé, ademais, o compromiso da Zona Franca de executar a prolongación do enlace polo interior do parque empresarial, correndo da súa conta a redacción do proxecto, a súa execución e o seu financiamento. Deste xeito, unha vez rematadas todas as obras a CPTOPT, asumirá a titularidade do enlace ata o límite co parque empresarial. Pola súa banda, o consorcio asumirá a titularidade e mantemento da prolongación do enlace no interior do parque.

O convenio autorizado hoxe complementa o que a CPTOPT asinará coa empresa concesionaria da autoestrada, texto que xa foi autorizado nun anterior Consello da Xunta. Segundo as obrigas que se desprenden dese convenio, a concesionaria será a encargada de contratar e executar as obras necesarias nos catro enlaces e asumirá o custo da reforma das conexións da Ramallosa e Nigrán, que son as ligadas a peaxes. Pola súa banda, a Consellería de Política Territorial será a encargada de financiar a reforma do enlace de Sabarís. Todas estas actuacións suporán un investimento, repartido entre as tres entidades, duns 24,7 millóns de euros.

Este proxecto que impulsa a Consellería de Política Territorial permitirá completar os actuais enlaces parciais de xeito que poidan ser utilizados tamén para traxectos interiores entre os concellos de Nigrán, Gondomar e Baiona e non só para a súa comunicación con Vigo como ocorría ata agora.

Unha das principais melloras que suporá esta reforma da autoestrada do Val Miñor será a de proporcionar unha circunvalación gratuíta a Baiona. A posibilidade de acceder á autoestrada en Sabarís e saír dela en Baredo, e viceversa, sen ter que pagar ningunha peaxe, contribuirá a reducir o tráfico da travesía da PO-552 ao seu paso pola vila e eliminar as retencións que se producen en determinadas datas.

Ademais, no convenio coa concesionaria inclúese a obriga desta de instalar un sistema de telepeaxe tanto na autoestrada do Val Miñor como na Coruña-Carballo.



O compromiso de financiamento que asumen Política Territorial, Zona Franca e a concesionaria supón que os concellos de Nigrán, Gondomar e Baiona non terán que realizar achegas económicas para acometer as obras de reforma dos enlaces. Así, os tres concellos quedan liberados do compromiso ao que chegaran co anterior goberno autonómico e co que asinaron un protocolo no que se comprometían a participar no financiamento destas actuacións.

O obxectivo co que traballa a CPTOPT é que as obras poidan estar rematadas ao longo de 2009, cun prazo de 9 meses para a reforma do enlace de Sabarís e de 15 meses para os enlaces de Nigrán, A Ramallosa e Porto do Molle. A día de hoxe, a declaración da utilidade pública do proxecto por parte do Consello da Xunta permitiu que se iniciase xa o proceso expropiador dos terreos necesarios para a ampliación dos enlaces.



INNOVACIÓN E INDUSTRIA ACHEGA PRETO DE 400.000 EUROS PARA A RECUPERACIÓN DA ALDEA DE SAA, EN VILAR DE SANTOS

O Consello da Xunta aprobou esta mañá o convenio mediante o cal se establecen as bases reguladoras de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e o concello de Vilar de Santos (Ourense) para a recuperación da Aldea de Saa, para o cal a Consellería destinará unha cantidade de 385.236 euros.

Esta cantidade será investida en actuacións nun pequeno grupo de ruínas, na que agora non se pode apreciar o sistema tradicional de asentamento da zona suroriental de Ourense, de xeito que poidan ser recuperadas e utilizadas en diferentes actividades, sempre vinculadas ao sector turístico, e que van dende a instalación dun mesón-cantina, aloxamentos de turismo rural ou unha aula de formación, potenciando deste xeito o turismo e revalorizando os recursos naturais tanto deste concello ourensán como da comarca da Limia.

Para levar a cabo de xeito correcto estas tarefas de recuperación e posta en valor, o Concello de Vilar de Santos deberá destinar a obra ao uso de interese xeral; dinamizar a comarca, dando a coñecer información histórica, turística, paisaxística, cultural e patrimonial da zona onde se atopa a actuación obxecto do presente convenio; así como manter as instalacións en perfecto estado de uso e conservación para cubrir os fins aos que está destinado dando un servizo adecuado ás visitas turísticas que utilicen as instalacións.

Con estas actuacións, a consellería dá un paso máis no seu interese de promocionar Galicia mediante a defensa do patrimonio natural, histórico, artístico e cultural, así como preservar os recursos turísticos, evitando a súa destrución ou degradación, e promovendo o seu correcto aproveitamento.



O GOBERNO GALEGO ACTUALIZA O PLAN DE DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DE GALICIA

- ***A Consellería do Medio Rural incorpora novidades ao Plan de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia para a reformulación do operativo de reforzo na época de alto risco, que contará con importantes melloras tecnolóxicas no servizo, segundo acordou o Consello da Xunta***
- ***Contrataranse aeronaves de gran velocidade e encomendarase á empresa pública Seaga a totalidade das brigadas terrestres e a maioría das helitransportadas***
- ***Axustarase o mapa de parroquias de especial vixilancia, coa introdución doutras 11 das provincias da Coruña, Lugo e Ourense***
- ***Renovarase o parque móbil dos servizos de prevención contra incendios, coa adquisición de vehículos todoterreo e de motobombas.***

O Plan de Defensa contra Incendios de Galicia (Pladiga) disporá na campaña 2008 dunha reformulación do operativo de reforzo na época de perigo alto, coa contratación de aeronaves de gran velocidade e coa encomenda á empresa pública Seaga da totalidade das brigadas terrestres e da maioría das helitransportadas. Ademais, axustarase o mapa das parroquias de especial vixilancia, coa eliminación dunha parroquia e coa introdución doutras 11 das provincias da Coruña, Lugo e Ourense.

Nesta campaña entrarán en servizo novas aplicacións informáticas para a xestión de medios e toma de decisións, así como outras que perfeccionan as existentes. Instaláronse posicionadores con incorporación de chamadas telefónicas a números prefixados e alarma SOS nos vehículos, implantouse o sistema de videovixilancia de bases de medios aéreos, un novo *video-wall* no centro de coordinación central e novos centros avanzados 085. Ademais, introducíronse melloras tecnolóxicas na rede de radiocomunicacións, co obxecto de adaptala ao novo cadro de asignación de frecuencias.

Incorporaranse as unidades de posto de mando avanzado, co establecemento dos procedementos operativos específicos correspondentes. Tamén se renovará o parque móbil dos servizos de prevención e defensa contra incendios forestais, coa adquisición, en réxime de propiedade de aluguer, de vehículos todoterreo e de motobombas.

No marco normativo, incidirase no desenvolvemento da Lei de prevención e defensa contra incendios forestais e redactarase a Lei de montes de Galicia. Aprobaranse e poranse en marcha os plans de prevención de distrito e incrementaranse as actuacións de xestión da biomasa, complementándoas coa creación de oito equipos de prevención de incendios forestais. Ademais, establecerase unha nova liña de subvencións co obxecto de fomentar a construción de puntos de auga de uso múltiple.



PLADIGA 2008. GALICIA							
CATEGORÍAS			RISCO				
			Baixo	Medio	Alto		
PERSOAL	MEDIOS PROPIOS	FUNCIONARIOS	SUBDIRECTOR/A	1	1	1	
			XEFES/AS DE SERVIZO	6	6	6	
			XEFES/AS DE ÁREA	4	4	4	
			XEFES/AS DE DISTRITO	19	19	19	
			XEFES/AS DE SECCIÓN	3	3	3	
			XEFE/A UNIDADE TÉCNICA	8	8	8	
			TÉCNICOS DE DISTRITO	63	63	63	
			AXENTES TERRITORIAIS	62	62	62	
			AXENTES DE ZONA	120	120	120	
			AXENTES	205	205	205	
		LABORAIS FIXOS	XEFE/A BRIGADA	84	84	84	
			PEÓN CONDUTOR	82	82	82	
			PEÓN	410	410	410	
			C. MOTOBOMBA	82	82	82	
			OFICIAL 2º MECÁNICO	11	11	11	
			EMISORISTAS	54	54	54	
			OPERADOR-CODIFICADOR	57	57	57	
			VIXILANTES FIXOS	60	60	60	
			FIXOS DESCONTINUOS	XEFE/A BRIGADA	0	56	56
				PEÓN CONDUTOR	0	86	86
		PEÓN		0	292	292	
		C. MOTOBOMBA		0	85	85	
		OFICIAL 2º MECÁNICO		0	0	0	
		EMISORISTAS		0	51	51	
		OPERADOR-CODIFICADOR		0	0	0	
		VIXILANTES FIXOS		0	40	40	
		REFORZO DE VERÁN I (MEDIOS PROPIOS)	TÉCNICO	0	0	6	
			XEFE/A BRIGADA	0	0	3	
			PEÓN CONDUTOR	0	0	3	
			PEÓN	0	0	17	
			C. MOTOBOMBA	0	0	215	
			OFICIAL 2º MECÁNICO	0	0	5	
			EMISORISTAS	0	0	57	
			OPERADOR-CODIFICADOR	0	23	46	
		REFORZO DE VERÁN II (SEAGA)	TÉCNICO	0	0	49	
			XEFE/A BRIGADA	0	0	398	
			PEÓN CONDUTOR	0	0	481	
			PEÓN	0	0	1280	
			C. MOTOBOMBA	0	0	57	
			OFICIAL 2º MECÁNICO	0	0	0	
			EMISORISTAS	0	0	24	
			OPERADOR-CODIFICADOR	0	0	0	
		TOTAL XUNTA + SEAGA			1331	1964	4730
		CONVENIOS E SUBVENCIÓNS	CONCELLO	C. MOTOBOMBA	0	0	372
				XEFES/AS BRIGADA GRUMIR	147	147	147
			GRUMIR	PEÓNS GRUMIR	588	588	588
				SUBVENCIÓNS	XEFES/AS BRIGADA CMVMC	0	0



		PEÑONS CMVMC	0	0	235
		TOTAL CONVENIOS E SUBVENCIÓNS	735	735	1389
		TOTAL PERSOAL	2066	2699	6119

PLADIGA 2008. GALICIA					
CATEGORÍAS			RISCO		
			Baixo	Medio	Alto
MEDIOS DE ACTUACIÓN	MEDIOS PROPIOS + SEAGA	BRIGADAS DE TERRA	82	135	452
		BRIGADAS HELITRANSPORTADAS	0	9	22
		BRIGADAS ESPECIAIS	0	3	3
		BRIGADAS VIXILANCIA MÓBIL	0	0	67
		CAR	0	5	5
	TOTAL MEDIOS DE ACTUACIÓN		82	152	549
MEDIOS MATERIAIS	ESTADO	AVIÓNS ANFIBIOS	0	0	3
		AVIÓNS DE CARGA EN TERRA	0	0	2
		AVIÓN ÓPTICA	0	0	1
		HELICÓPTERO KAMOV	0	1	0
		HELICOPTEROS SOKOL BRIF-A	0	1	2
	XUNTA	AVIÓNS DE CARGA EN TERRA	0	2	9
		HELICÓPTEROS PUMA	0	2	2
		HELICOPTEROS SOKOL	0	2	5
		HELICÓPTEROS B3	0	5	8
		HELICÓPTEROS DE COORDINACIÓN	0	1	2
		MOTOBOMAS DO SPDCIF	75	149	156
		MAQUINARIA PESADA	0	0	19
	CONCELLOS	MOTOBOMBAS MUNICIPAIS	0	0	93
		MOTOBOMBAS GRUMIR	49	49	49
	TOTAL MEDIOS E MATERIAIS		124	212	351



A XUNTA DECLARA A PREVALENCIA DE UTILIDADE PÚBLICA DO PROXECTO DE AMPLIACIÓN DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE VILAPOUCA, EN FORCAREI

- ***A Consellería do Medio Rural acordou declarar a prevalencia de utilidade pública do proxecto de ampliación do polígono industrial de Vilapouca, promovido polo Concello de Forcarei pertencente á comunidade de montes da zona, segundo acordou o Consello da Xunta***

A Consellería do Medio Rural acordou declarar a prevalencia de utilidade pública do proxecto de ampliación do polígono industrial de Vilapouca, promovido polo Concello de Forcarei (Pontevedra) sobre a do monte veciñal en man común "Vilapouca" cunha superficie de afección de 10,035 h, coa condición de que se exclúan as zonas de bosques de frondosas autóctonas e vexetación de ribeira que ocupan unha superficie de 2,1 h, que deberán incluírse como zonas verdes dentro do polígono.

A Dirección Xeral Montes e Industrias Forestais ratificou os informes favorables sobre a prevalencia da utilidade do proxecto sobre a deste monte veciñal, emitidos pola Delegación Provincial do Medio Rural en Pontevedra, tras o trámite de audiencia á comunidade de Vilapouca, sempre e cando se exceptúen as zonas de bosques de frondosas autóctonas e vexetación de ribeira.

O Concello de Forcarei acordou, en sesión plenaria, a aprobación definitiva do Plan de sectorialización de Vilapouca e, posteriormente, a declaración de utilidade pública. A Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia establece que a aprobación dos instrumentos de ordenación urbanística implicará a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens e dereitos afectados aos fins da expropiación ou imposición de servidumes. A Lei de montes veciñais en man común de Galicia establece que os montes veciñais só poderán ser obxecto de expropiación forzosa ou impoñérselles servidumes por causa de utilidade pública ou interese social prevalente aos dos propios montes veciñais.



A CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE INVISTE MÁIS DE 2 MILLÓNS DE EUROS PARA APOIAR AS FEDERACIÓNS DEPORTIVAS

▪ O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura de convenios de colaboración con 28 federacións

A Consellería de Cultura e Deporte asinará nos próximos días convenios de colaboración con 28 federacións deportivas por un importe total de 2.221.100 euros. Os ditos convenios pasarán para a súa aprobación hoxe polo Consello de Xunta e posteriormente procederáse á súa sinatura.

As federacións asinantes son atletismo, automobilismo, béisbol, caza, columbicultura, minusválidos físicos, minusválidos psíquicos, deportes para xordos, esgrima, halterofilia, hípica, karate, kung-fu, loita, montañismo, motonáutica, patinaxe, pelota, péentatlon e tríatlon, petanca, salvamento e socorrismo, *squash*, surf, taekwondo, tenis, tiro con arco, vela e ximnasia.

O obxecto dos presentes convenios é establecer as bases de colaboración deportiva e económica entre a Consellería de Cultura e Deporte e as federacións para “coadxuvar aos gastos ordinarios da federación na tempada deportiva 2008 e para a fixación, de común acordo, dun programa de actividades de promoción e fomento da práctica da súa modalidade deportiva e para establecer os correspondentes apoios económicos para a súa implementación”.

Entre os programas que se van desenvolver por parte das federacións destaca o apoio ao deporte feminino, a promoción da integración no deporte, competicións deportivas oficiais, seleccións galegas, tecnificación deportiva e formación ou a normalización do galego no mundo do deporte.



PESCA ACHEGA 135.000 EUROS PARA O ESTUDO DA INTERACCIÓN ENTRE OS MAMÍFEROS MARIÑOS E A ACTIVIDADE EXTRACTIVA

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio entre a Administración pesqueira galega e a Coordinadora para o Estudo dos Mamíferos Mariños para o desenvolvemento do proxecto “Divulgando a pé de mar”***
- ***A achega da Consellería de Pesca repartirase entre as anualidades 2008, 2009 e 2010***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e a Coordinadora para o Estudo dos Mamíferos Mariños (CEMMA) en materia de divulgación sobre o medio mariño para o desenvolvemento do proxecto “Divulgando a pé de mar”. O obxectivo desta iniciativa, que será financiada con 135.000 euros por parte do departamento que dirixe Carmen Gallego, é a recollida de datos sobre a interacción dos mamíferos mariños coa pesca, así como a achega de información ao sector pesqueiro.

Segundo o protocolo que se subscribirá en vindeiras datas, a achega feita pola Consellería de Pesca repartirase entre os tres próximos anos, correspondendo 40.000 euros ao actual exercicio; 45.000 euros á anualidade 2009; e 50.000 euros á de 2010. De feito, a duración do convenio abrangue ata o 30 de decembro de 2010, sen posibilidade de prórroga. Con esta actuación preténdese difundir a importancia dos mamíferos mariños no ecosistema, á vez que recoller información sobre estes animais e a súa presenza en Galicia a través dunha serie de accións dirixidas aos pescadores.

A cooperación entre a Administración pesqueira galega e a CEMMA enmárcase no conxunto das medidas que desenvolve a consellería para lograr a sustentabilidade da pesca na nosa comunidade autónoma. Entre elas destaca o apoio a aquelas iniciativas que inciden na mellora da conservación dos ecosistemas mariños, no maior coñecemento da situación ambiental do mar e na concienciación social sobre a súa conservación. De feito, Pesca ten entre as súas competencias as relativas á innovación e investigación do medio mariño e as de divulgación sobre este contorno e a actividade extractiva.

Nesta liña, cabe sinalar que os mamíferos mariños son especies que actúan como indicadores da saúde do mar e, polo tanto, calquera acción de estudo, divulgación e información sobre estes animais non só contribuirá á súa conservación senón que redundará nun mellor coñecemento do noso mar e dos seus recursos pesqueiros.

Actividades a realizar

O convenio que asinarán Pesca e a CEMMA recolle as actividades que se realizarán no marco do proxecto “Divulgando a pé de mar”, entre as que se atopan a elaboración de materiais para a recollida de información sobre a interacción entre os mamíferos mariños e a pesca, principalmente sobre capturas accidentais; a recompilación de datos a través de enquisas en portos da nosa comunidade autónoma sobre a presenza de mamíferos mariños nas costas de Galicia; e a creación dunha base de datos. Ademais, prevén o



deseño e distribución de material divulgativo sobre educación ambiental e espazos mariños protexidos, así como a entrega, ao remate da iniciativa, dunha memoria final cos resultados obtidos. Tamén está previsto que no mes de febreiro de 2009 se presente un informe intermedio, no que se recollerán as accións realizadas e os resultados parciais.

En canto aos materiais e a metodoloxía de traballo, cabe destacar que para a recollida de información e divulgación serán empregadas fichas de recompilación de datos así como de identificación de especies, xunto con folletos explicativos, carteis da propia campaña e vídeos e fotografías. Esta documentación será centralizada nunha base de datos que facilitará o seu tratamento e procesamento. A obtención da devandita información farase nos portos e nas lonxas así como a través de embarques en buques pesqueiros de distintas artes.

Ademais, o desenvolvemento do programa divídese en catro accións: a edición de materiais para a recollida e difusión de información, a recollida de información orientadora, a recompilación de datos sobre interacción e a difusión de material divulgativo. A segunda destas actividades inclúe enquisas nas lonxas, confrarías e a bordo de buques pesqueiros. Neste caso serán visitados os pósitos para facer unha valoración inicial do traballo que se levará a cabo en 20 portos galegos: A Coruña, A Guarda, Bueu, Burela, Cabo de Cruz, Camariñas, Cangas, Cariño, Celeiro, Fisterra, Lira, Malpica, Marín, Muros, O Grove, Portonovo, Portosín, Rianxo, Ribeira e Vigo. Realizados os contactos coas confrarías establecerase unha posta a punto do método de traballo nun par de portos, que será empregado como modelo nos restantes.

Así mesmo, a terceira acción permitirá contar con información relativa á interacción dos mamíferos mariños coa actividade pesqueira, á vez que avaliar a efectividade das artes de pesca e o seu impacto sobre a biodiversidade mariña. Outros datos complementarios de interese son os relativos á distribución temporal das capturas accidentais e as posibles solucións para a súa redución ou eliminación.

“Divulgando a pé de mar” terá unha duración de tres anos, un período no que se contará co labor de tres persoas que se encargarán do traballo de campo. Así mesmo, prevese realizar ata un total de 80 días de embarque en buques pesqueiros en 2009, unha cifra que se quere ampliar a 100 ou 110 xornadas no ano seguinte.

Seguimento do convenio

Por outra banda, a selección e contratación das persoas necesarias para o desenvolvemento de “Divulgando a pé de mar” correrá a cargo da Coordinadora para o Estudo dos Mamíferos Mariños, quen tamén designará unha persoa responsable da coordinación, o seguimento e o control técnico do programa.

Así mesmo, a supervisión do cumprimento do convenio será realizada por unha comisión integrada pola directora xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro e o xefe do



Servizo de Estudos Pesqueiros ou as persoas en que deleguen, por parte da consellería, e o presidente da CEMMA, ou persoa en quen delegue, xunto co responsable do proxecto designado pola Coordinadora.

En caso de que no desenvolvemento das accións programadas aparecesen circunstancias que aconsellen modificar a programación prevista esta poderá ser aprobada pola directora xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro, logo da correspondente solicitude e da xustificación da proposta, sempre que os cambios non supoñan un incremento no importe total do convenio.



A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE ACOMETERÁ O PROXECTO DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN EN XERMADA (LUGO), CUN INVESTIMENTO DE 300.300 EUROS

- ***O proxecto ten un prazo de execución de 12 meses e inclúe a construción dunha EDAR para 400 habitantes equivalentes, dous colectores e os correspondentes ramais***

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible acometerá o proxecto de saneamento e depuración en Xermade (Lugo), despois de que o Consello da Xunta autorizase hoxe a colaboración económica e técnica para esta obra, que será financiada na súa totalidade polo departamento que dirixe Manuel Vázquez, cun investimento de 300.300 euros.

O obxectivo desta actuación é resolver os problemas de saneamento no núcleo de Xermade, mediante a construción de colectores que leven as augas residuais a unha nova EDAR (estación depuradora de augas residuais).

O proxecto, que ten un prazo de execución de 12 meses, inclúe a construción dun colector xeral, de 500 mm de diámetro, co seu correspondente ramal; un colector de 250 milímetros de diámetro que engancha co anterior, e a súa conexión ata a nova depuradora, proxectada para 400 habitantes equivalentes.

A obra completárase coa instalación de todos os servizos, iluminación, telefonía, instalación eléctrica, recollida de pluviais e abastecemento, na rúa Rector Ramón V. Paz (LU-6513), nunha lonxitude de 140 metros, ademais da reposición completa dos pavimentos, beirarrúas e calzada.



A XUNTA DESTINA 207.640 EUROS Á ADECUACIÓN, SELAXE E CLAUSURA DO VERTEDOIRO DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS DE TRIACASTELA (LUGO)

- ***O proxecto será financiado na súa totalidade pola Consellería de Medio Ambiente e as obras estarán rematadas nun prazo de tres meses***

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, a través da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, financiará o proxecto de adecuación, selaxe e clausura do vertedoiro de residuos sólidos urbanos de Triacastela, na provincia de Lugo. A actuación conta cun orzamento de 207.640 euros, que serán custeados na súa totalidade polo departamento autonómico, e forma parte do Programa de Rexeneración de Espazos Degradados do departamento autonómico.

As obras de selaxe e adecuación do vertedoiro, que está situado na parroquia de Santiago de Triacastela, contan cun prazo de execución de tres meses, segundo consta no acordo aprobado hoxe no Consello da Xunta.



A XUNTA DESTINA 300.000 EUROS Á CONSTRUCIÓN E POSTA EN MARCHA DA ESTACIÓN CIENTÍFICA DO COUREL

- ***O Goberno galego aprobou hoxe a subscripción do convenio entre a consellería e a Universidade de Santiago para a execución deste proxecto***

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible achegará este ano 300.000 euros para a construción, posta en marcha e desenvolvemento da estación científica do Courel. Así se plasma nun convenio de colaboración entre a consellería e a Universidade de Santiago, cuxa sinatura foi aprobada hoxe no consello da Xunta.

A estación do Courel é un edificio de nova planta, destinado a apoiar a investigación e a formación no ámbito do ambiente e o desenvolvemento rural sustentable e, en particular, con obxectivos que redunden no progreso social e económico desta comarca.

No marco do convenio aprobado hoxe, consellería e universidade acordaron colaborar na organización e execución de actividades comúns vinculadas á promoción da investigación e o desenvolvemento tecnolóxico, así como á realización de cursos que, pola súa temática sexan de interese para o desenvolvemento e promoción da comarca do Caurel. Nesta liña, serán funcións da estación científica:

- A investigación nos ámbitos da bioloxía, da ecoloxía, o ambiente e o desenvolvemento rural sustentable, facilitando os medios dispoñibles para a realización de proxectos de investigación e favorecendo e estimulando os estudos sobre a fauna e a flora.
- Asesoramento e colaboración en materia de docencia e investigación coas entidades públicas e privadas
- O establecemento e coordinación de relacións de intercambio científico con outras universidades e institucións científicas de Galicia, España e outros países.
- O asesoramento e colaboración en materia de docencia e investigación con entidades públicas e privadas.
- A realización e coordinación de actividades docentes e de formación nas súas instalacións como prácticas, seminarios ou cursos de doutoramento e especialización.



A XUNTA INVISTE 194.653 EUROS NA MELLORA DAS RÚAS TRINIDADE, FONTE CAVADA E AMANDO PÉREZ DE RIBADEO

- ***A Xunta o Concello de Ribadeo asinarán un convenio de colaboración para levar a cabo estas actuacións cun orzamento total de 243.316 euros***

O Consello da Xunta autorizou hoxe, por proposta da Consellería de Vivenda e Solo, un investimento de 194.653 euros para efectuar diversas actuacións de mellora nas rúas Trinidad, Fonte Cavada e Amando Pérez no Concello de Ribadeo. Ambas as administracións asinarán un convenio de colaboración para o desenvolvemento destas melloras en 2008.

O orzamento total da actuación ascende a 243.316 euros, dos que a Consellería achega 194.653 euros e o Concello de Ribadeo o importe restante.

A Consellería de Vivenda e Solo ten entre as súas funcións o fomento da rehabilitación, recuperación e renovación dos centros históricos, dos tecidos urbanos degradados, das áreas de rehabilitación, do medio rural e das vivendas e edificacións destes ámbitos, mediante todo tipo de axudas e a sinatura de convenios de colaboración con outros organismos ou entidades.

Neste caso, as actuacións previstas consisten no levantamento do firme da rúa, colocación de gabias para pluviais e cables eléctricos soterrados, instalación dun colector de pluviais e reixas de desaugadoiro, canalización soterrada e colocación de columnas rectas galvanizadas no exterior para a iluminación pública e, por último, pavimentación cunha franxa central de lastras e os laterais de granito gris.



O GOBERNO GALEGO INVISTE 150.000 EUROS PARA SUBVENCIONAR A MELLORA E ACONDICIONAMENTO DO NÚCLEO DE SANTA MARÍA NO CONCELLO DE CASTRELO DE MIÑO

- ***O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio entre a consellería e o concello para levar a cabo esta actuación cun orzamento total de 187.500 euros***

O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Castrelo de Miño para executar as obras de mellora e acondicionamento do Núcleo de Santa María. O investimento total previsto para esta actuación ascende a 187.500 euros, dos que 150.000 euros son achegadas pola Consellería de Vivenda e Solo en dúas anualidades: 80.000 euros con cargo aos orzamentos de 2008 e 70.000 euros con cargo á anualidade 2009.

O obxectivo desta actuación en materia de recuperación de espazos públicos consiste na mellora dos valores ambientais e urbanos no contorno do Núcleo de Santa María. Este núcleo está composto por unha serie de vivendas unifamiliares organizadas en dúas rúas principais que articulan lonxitudinalmente o núcleo e comunican coa igrexa.

As obras de reurbanización e mellora do ámbito consistirán na demolición dos diferentes pavimentos existentes, substituíndoos por outros de aspecto pétreo que se integren no núcleo. Tamén se mellorarán os espazos inmediatos ao cruceiro de pedra situado no centro do núcleo e a escaleira que dá acceso á igrexa. Tamén se acondicionarán outros elementos tradicionais como as escaleiras de acceso ás vivendas.

Ademais, as obras recollidas no convenio de colaboración prevén a canalización da instalación eléctrica e a instalación da nova iluminación.

Esta actuación enmárcase nunha das liñas de actuación da Consellería de Vivenda e Solo que consiste no fomento da rehabilitación, recuperación e renovación dos centros históricos, dos tecidos urbanos degradados, das áreas de rehabilitación, do medio rural e das vivendas e edificacións destes ámbitos, mediante todo tipo de axudas e a sinatura de convenios de colaboración con outros organismos ou entidades.



A CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO INVISTE 98.000 EUROS PARA SUBVENCIONAR A REURBANIZACIÓN DA PRAZA DA AIRA DO POZO NO CONCELLO DA PORQUEIRA

- ***O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio entre a consellería e o concello para levar a cabo esta actuación cun orzamento total de 122.500 euros***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello da Porqueira para executar as obras de reurbanización da Praza da Aira do Pozo. O investimento total previsto para esta actuación ascende a 122.500 euros, dos que 98.000 euros son achegados pola Consellería de Vivenda e Solo en dúas anualidades: 40.000 euros con cargo aos orzamentos de 2008 e 58.000 euros con cargo á anualidade 2009.

O obxectivo desta actuación en materia de recuperación de espazos públicos consiste na mellora dos valores ambientais e urbanos da praza situada no núcleo da Forxa rodeada polas rúas A Veiga e Estremadoiro.

As obras de reurbanización e mellora do ámbito consistirán na pavimentación da praza con lousas de granito, lastros e lousas de formigón envellecido. Tamén se soterrarán os cables aéreos, se instalará unha nova iluminación e colocarse mobiliario urbano.

Ademais, as obras recollidas no convenio de colaboración prevese a modificación do remate superior da fonte existente e a conservación dos once cabaceiros existentes no ámbito.

Esta actuación enmárcase nunha das liñas de actuación da Consellería de Vivenda e Solo que consiste no fomento da rehabilitación, recuperación e renovación dos centros históricos, dos tecidos urbanos degradados, das áreas de rehabilitación, do medio rural e das vivendas e edificacións destes ámbitos, mediante todo tipo de axudas e a sinatura de convenios de colaboración con outros organismos ou entidades.



O GOBERNO GALEGO DESTINA 5,1 MILLÓNS DE EUROS EUROS EN 2008 Á LIÑA DE AXUDAS PARA ERRADICAR O CHABOLISMO

- ***O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe o investimento destinado a estas axudas que se xestionan a través de convenios cos concellos***
- ***A subvención pode acadar o 80% do orzamento protexible no caso de adquirir ou construír unha nova vivenda***
- ***No caso de realoxos en vivendas de aluguer a subvención pode chegar ata o 80% do renda mensual cun límite de 300 euros por vivenda***

O Consello da Xunta autorizou hoxe, por proposta da Consellería de Vivenda e Solo, un investimento de 5.168.400 euros en 2008 para a liña de axudas destinadas á erradicación do chabolismo a través de convenios de colaboración asinados cos concellos galegos. O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace á orde que recolle estas axudas, que entrará en vigor nos próximos días a partir da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* (DOG).

Estas axudas van destinadas a subvencionar actuacións emprendidas tanto polos propios chabolistas como polos concellos. No caso de que o chabolista promova a construción da súa propia vivenda a subvención acada o 50% do orzamento protexible e se adquiere unha vivenda nova ou usada chega ao 30% do custe da adquisición.

Cando son os propios concellos, ou outros promotores públicos, os que adquiren vivendas novas ou usadas a subvención pode acadar ata o 80% do custo de adquisición en municipios con menos de 50.000 habitantes, e ata o 65% do custo de adquisición en municipios de 50.000 ou máis habitantes. Neste caso, as vivendas adquiridas serán adjudicadas aos chabolistas en réxime de aluguer e transcorridos 2 anos poderán ser transmitidas en propiedade.

Outra posibilidade é que os concellos busquen vivendas en aluguer para o realoxo dos chabolistas, neste caso a consellería subvenciona ata o 80% do custo do aluguer da vivenda en municipios de menos de 50.000 habitantes e ata o 65% en concellos de 50.000 ou máis habitantes. A contía máxima da subvención é de 300 euros por vivenda e o período da subvención non superará os 3 anos, agás casos excepcionais, xa que o obxectivo final desta actuación é a integración social dos chabolistas.

Solicitudes

En ambos os casos, tanto as solicitudes de particulares como dos concellos deberán xestionarse a través dos consistorios e serán estes os que presenten as solicitudes ante as delegacións da Consellería de Vivenda e Solo en cada unha das catro provincias galegas.

Acompañando ao impreso de solicitude, os concellos deben remitir os censos debidamente cubertos, a proposta das actuacións que se van realizar para facilitar o acceso á vivenda, o plan de integración social dos chabolistas, o saneamento da área de actuación e un esquema dos recursos que achegarán ambas as administracións - consellería e concello.



O PROGRAMA DE GRATUIDADE DE LIBROS DE TEXTO RATIFICA A APOSTA DO GOBERNO GALEGO POLA EQUIDADE E A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES NO ENSINO

- ***A conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, Laura Sánchez Piñón, informou o Consello da Xunta das novidades deste programa para o vindeiro ano académico***
- ***O DOG publica hoxe a Orde que convoca e regula esta liña de axudas***
- ***Cada ano, estanse a investir arredor de 26 millóns de euros nesta iniciativa***
- ***A xestión económica realizarase a través dunha empresa colaboradora, o que redundará nunha menor carga de traballo para os centros de ensino***
- ***O número de familias beneficiadas por este programa ascende a 167.000, un 334 por cento máis con respecto ao curso 2004-2005***
- ***Con estas axudas queda cuberto o 100 por cen de gratuidade na educación primaria, secundaria obrigatoria e educación especial***

A conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, Laura Sánchez Piñón, informou o Consello da Xunta das novidades do programa de gratuidade de libros de texto para o próximo curso 2008-2009. O *Diario Oficial de Galicia* publica hoxe esta Orde pola que se convoca e regula o programa de gratuidade dos libros de textos para o vindeiro curso académico.

Así, a máxima responsable do departamento educativo galego indicou que a principal novidade é que a xestión económica do programa se realizará a través dunha empresa colaboradora, o que redundará nunha menor carga de traballo para os centros de ensino. Sánchez Piñón salientou, ademais, que a nova orde que regula este programa continúa reforzando a equidade e a igualdade de oportunidades no ensino, un dos obxectivos primordiais do Goberno galego.

Ademais, a conselleira de Educación apuntou que o número de familias beneficiadas por este programa incrementouse nun 334,2% en relación ao curso 2004-2005; e lembrou que se están a investir anualmente 26 millóns de euros neste programa, que beneficia a 167.000 familias. Así mesmo, Sánchez Piñón subliñou que o investimento neste programa se incrementou nun 420% con respecto ao curso 2004-2005, e que o número de alumnos beneficiados pasou dos 50.000 dese ano académico aos 217.096 actuais.

A máxima responsable do departamento educativo galego explicou que desde este curso 2007-2008 o programa de gratuidade de libros de texto cobre os 10 cursos de ensino obrigatorio, fronte aos 2 cursos incluídos neste programa no ano académico 2004-2005, polo que a porcentaxe do alumnado do ensino obrigatorio acollido a este programa pasou do 22% ao 100 % actual nese período. Así, actualmente atende o alumnado de primaria e secundaria obrigatoria, e educación especial. Cada familia benefíciase dunha media de 200 euros pola compra de libros de texto, que son financiados pola Xunta. Así mesmo, Sánchez Piñón lembrou que Galicia, Aragón e Castela A Mancha son as comunidades que dan cobertura de xeito homoxéneo a todo o alumnado do ensino obrigatorio, e que,



segundo a Federación de Usuarios e Consumidores Independentes (FUCI), Galicia é a comunidade na que máis barata resulta a volta ao colexio.

Novidades

Laura Sánchez Piñón explicou que o vindeiro curso 2008-2009 implantarase, con base no calendario da Lei orgánica de educación (LOE), as ensinanzas correspondentes a 3º e 4º de educación primaria e 2º e 4º de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO). Así, a conselleira indicou que no próximo curso adquiriranse novos libros para estes 4 cursos, ademais de para 1º e 2º da educación primaria, e os libros de texto ou materiais equivalentes do alumnado de educación especial, escolarizado en centros específicos ou ordinarios, que exixen un tratamento diferenciado por non poder ser reutilizados en cursos posteriores.

Deste xeito, serán un total de 6 os cursos para os que se adquiriran novos libros de texto. Ademais, reporanse por incremento do alumnado ou por deterioración dos libros de textos en 5º e 6º de primaria e 1º e 3º da ESO. Sánchez Piñón apuntou que as previsións da consellería indican que serán 129.608 os alumnos e alumnas pertencentes a 99.698 familias os que disporán de libros de nova adquisición, dun total de 217.096 alumnos e alumnas de ensino obrigatorio que se benefician deste programa.

A principal novidade da orde deste ano é que a xestión económica do programa realizarase a través dunha empresa colaboradora. Esta decisión suporá unha redución do traballo administrativo para os centros, librándoos da xestión das facturas e pagamentos ás librarías que subministran os libros; así como a introdución do cheque de gratuidade, polo que, nos centros, seralles facilitado ás familias un cheque por cada alumno acollido á gratuidade. Outra das novidades é o incremento de ata un 11% nos importes máximos dos lotes por alumno acollido, e de preto dun 70% no caso de reposición. O importe máximo por alumno acollido no programa varía segundo o curso.

IMPORTES MÁXIMOS POR NOVA ADQUISICIÓN


1º e 2º de primaria	150
3º e 4º de primaria	160
2º da ESO	240
4º da ESO	250
Educación especial	250




Programa de Gratuidade de Libros de Texto para o curso 2008-2009




- EVOLUCIÓN DO PROGRAMA DESDE O CURSO 2004-2005





Incrementouse un **334,2%** o número de familias beneficiadas con respecto ao curso 2004-2005



No curso 2007-2008 **completouse a gratuidade en toda a ensinanza obrigatoria** e en educación especial



Programa de Gratuidade de Libros de Texto 08-09



No curso 2004-2005 só o 22 % do alumnado se acollía ao programa

No curso 2008-2009, o 100 % do alumnado do ensino obrigatorio pode acollerse a este programa



- Estanse investindo anualmente **26 millóns de euros** no programa de gratuidade de libros de texto.
- **167.000 familias** benefíciense cada curso deste programa
- Cada familia aforra unha media de 200 euros na volta ao colexio.
- Desde o curso 2004-2005, incrementouse un **334,2%** o número de familias beneficiadas.
- No curso 2004-2005 só o **22 % do alumnado** tiña os libros gratis, mentres que no curso 2008-2009, todos os alumnos matriculados en centros públicos ou sostidos con fondos públicos, isto é, o **100 %** dos alumnos, acóllense a este programa.
- A principal novidade do programa de gratuidade para o vindeiro curso 2008-2009 é unha nova modalidade de xestión do programa, que redundará nunha menor carga de traballo para os centros de ensino.
- Como media, incrementanse ata un **11%** os importes máximos dos lotes por alumno. Nas reposicións, o incremento é de preto dun **70%**.